

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2008

1

1.1. **Crecemento económico: contornos internacional e estatal**

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2008. Neste primeiro epígrafe achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No cuadrenio 2004-2007 a economía mundial rexistrou, no seu conxunto, un elevado crecemento económico (superior ao 4%), pero en 2008 a cousa mudou notablemente, e varios Estados moi desenvolvidos mesmo entraron en recesión nese ano. A principal causa foron as turbulencias financeiras que se produciron nos mercados a partir dos importantes problemas no mercado hipotecario de alto risco, que deron lugar a un período de gran volatilidade financeira e notables problemas de liquidez, que aínda seguen a producir unha importante perda de fiúza nos consumidores e nas empresas, así como unha forte destrución de emprego.

A economía estadounidense desacelerouse en 2008, ano no que rexistrou unha suba do PIB do 1'1% (frente ao 2% do ano anterior); no cuarto trimestre de 2008 o PIB baixou un 0'8% respecto do mesmo período do ano anterior. O elevado déficit

público, o importante déficit exterior (que cuadriplica a media da OCDE), xunto aos efectos da grave crise inmobiliaria e da desfeita do mercado hipotecario de alto risco, pesan como grandes lousas sobre a economía estadounidense.

A Unión Europea, pola súa banda, tivo en 2008 un crecemento de PIB do 0'9% (fronte ao 2'9% do ano anterior). As súas maiores economías (Alemaña e Francia) rexistraron subas do PIB do 1% e do 0'7% respectivamente; Gran Bretaña medrou un 0,7%, España, un 1'2% e Italia diminuíu o PIB nun 0'9%.

A economía chinesa baixou o seu vertixinoso ritmo de crecemento, que nos oito anos anteriores estivera sempre por riba do 7%. A recesión xaponesa acentuouse no último trimestre do ano, de xeito que o seu PIB baixou un 4'3% respecto do cuarto trimestre de 2007. As economías do Sueste asiático e de Centro e Sudamérica baixaron o ritmo de crecemento e mesmo baixou o PIB nalgunha (como Tailandia, Singapur ou México)

No cadro 1.1 presentamos os índices de crecemento económico do último septenio nos oito estados de maior PIB da OCDE (así como os promedios desta, da UE e dos estados europeos da OCDE).

■ Cadro 1.1

Crecemento económico. OCDE ⁽¹⁾ . 2002-2008

	% s/PIB da OCDE	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
OCDE	100,0	102,8	104,8	108,2	111,0	114,6	117,7	118,6
OCDE Europa	40,9	103,1	104,6	107,4	109,6	113,2	117,4	118,5
Unión Europea	35,5	103,2	104,4	106,6	108,3	111,4	115,9	117,0
España	2,9	106,4	109,7	113,2	117,2	121,7	126,6	127,9
Alemaña	8,4	101,3	101,1	101,9	103,0	106,0	108,7	109,9
Francia	5,7	103,0	104,2	106,3	107,6	109,8	113,4	114,0
Italia	5,5	102,1	102,3	103,3	103,5	105,5	107,9	107,2
Reino Unido	5,2	104,4	107,2	110,7	112,8	116,0	119,5	120,4
Outros países								
EEUU	35,1	102,3	104,9	109,0	112,5	116,3	117,8	118,7
Canadá	3,2	104,8	106,7	110,2	113,4	116,5	119,9	120,1
Xapón	13,6	100,6	102,0	104,8	106,8	109,1	111,6	110,7

(1) Prezos constantes. Índice Base 2000.
Fonte: OCDE, "Main Economic Indicators"

Sobrancea que España se sitúa á cabeza cunha suba acumulada do PIB desde o ano 2000 do 27,9% nese período, seguida de lonxe por Gran Bretaña (20'4%), Canadá (20'1%) e Estados Unidos (18'7%) ; pola contra, o menor crecemento económico tiveróno Italia (7,2%), Alemaña (9'9%) e Xapón (10'7%).

O crecemento económico español do último quinquenio está moi por riba do rexistrado no conxunto da OCDE (18,6%), nos países europeos da OCDE (18,5%) e na Unión Europea (17%).

No cadro 1.2 presentamos as taxas de desemprego dos oito estados de maior PIB da OCDE no último septenio: a taxa española de 2008 (11'4%) é 3'1 puntos maior que en 2007, a maior dos estados analizados e supera en 5'4 puntos porcentuais á media da OCDE (case a dobre), en 4,4 puntos á da UE e en 3'5 puntos á dos estados europeos da OCDE. A taxa de paro inferior dos oito estados analizados preséntaa Xapón (cun 4%).

■ Cadro 1.2

Taxas de desemprego OCDE. 2002-2008

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
OCDE	6,9	4,1	6,9	6,6	6,0	5,6	6,0
OCDE Europa	8,5	8,8	8,9	8,6	7,8	7,1	7,9
Unión Europea	7,5	7,9	8,0	7,9	7,4	7,1	7,0
España	11,1	11,1	10,6	9,2	8,5	8,3	11,4
Alemaña	8,2	9,1	9,5	9,4	8,4	8,4	7,3
Francia	8,7	9,4	9,6	9,7	9,4	8,3	7,8
Italia	8,6	8,4	8,0	7,7	6,8	6,1	6,8
Reino Unido	5,1	4,9	4,7	4,8	5,3	5,3	5,6
Outros países							
EEUU	5,8	6,0	5,5	5,1	4,6	4,6	5,8
Canadá	7,6	7,6	7,2	6,7	6,3	6,0	6,2
Xapón	5,4	5,2	4,7	4,4	4,1	3,8	4,0

Fonte: OCDE, "Main Economic Indicators"

Unha visión comparativa do crecemento económico, ano por ano, desde 1996 en Galicia, España e a Unión Europea, témola no cadro 1.3, nel compróbase que a suba do PIB foi superior en Galicia que na UE todos os anos pero tan só superou o crecemento económico español nos dous anos Xacobeos (1999, 2004) e máis cada un dos anos do último trienio.

1.2 Crecemento económico galego

Neste epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (desde as perspectivas da demanda e da oferta) e despois a evolución a longo prazo da produción (global e por habitante) nas distintas comunidades autónomas; por último, estudaremos os datos galegos e estatais en relación coa Unión Europea.


Crecemento do PIB ⁽¹⁾. Galicia, España e UE. 1996-2008

■ Cadro 1.3

	Galicia	España	UE-25/27
1996	1,9	2,4	1,8
1997	3,9	3,9	2,7
1998	4,1	4,5	2,9
1999	5,4	4,7	3,0
2000	4,6	5,1	3,9
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,5	1,7
2006	4,1	3,9	2,9
2007	4,0	3,8	2,9
2008	1,8	1,2	0,9

(1) En porcentaxe en termos reais. Datos da UE-27 desde a entrada de Rumanía e Bulgaria.

Fonte: IGE, INE e Eurostat.



1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes.

Os datos do cadro 1.3 evidencian que a economía galega abandonou en 2008 o forte crecemento económico do bienio anterior (no que o PIB subira lixeiramente por riba do 4%), pero aínda así superou (cun 1'8%) as subas estatal (1'2%) e da Unión Europea (0'9%).

O cadro 1.4 apórtanos unha perspectiva xeral do crecemento económico en 2008 das distintas comunidades (e cidades) autónomas, desde a perspectiva de FUNCAS. Máis adiante afondaremos nesta comparanza cos datos do INE.

**Crecemento real do PIB ⁽¹⁾.
Por Comunidades Autónomas. 2008**

■ Cadro 1.4

	(%)
MELILLA	1,99
CEUTA	1,97
NAVARRA	1,82
PAÍS VASCO	1,79
BALEARES	1,44
EXTREMADURA	1,35
CANARIAS	1,25
RIOXA (A)	1,22
ARAGÓN	1,21
GALICIA	1,21
CANTABRIA	1,20
MURCIA	1,15
MADRID	1,13
CASTELA E LEÓN	1,11
C. VALENCIANA	1,10
ANDALUCÍA	1,09
CASTELA A MANCHA	0,97
CATALUÑA	0,95
ASTURIAS	0,82
ESPAÑA	1,15

(1) En termos reais

Fonte: INE. FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica"

1.2.1.1. A perspectiva da demanda.

A análise desde a *perspectiva de demanda* da variación interanual dos compoñentes do PIB de Galicia (cadro 1.5) reflicte que en 2008 se produciu unha continua desaceleración ao longo do ano no crecemento económico de Galicia, que comezou no primeiro trimestre cunha suba do 3'2% e rematou no cuarto cun 0'3% (mellor que o dato estatal, que presentou un descenso do 0'7% nese trimestre sobre o mesmo período do ano 2007).

■ Cadro 1.5

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008	2007				2008			
					I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	3,3	4,1	4,0	1,8	4,2	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4	1,5	0,3
Gasto en consumo final	3,4	3,5	4,0	2,1	4,2	4,4	4,1	3,6	3,0	2,2	1,6	1,6
Fogares	3,2	3,4	4,0	1,2	4,0	4,3	4,1	3,8	2,7	1,4	0,5	0,4
AA.PP. e ISFLSH (1)	3,8	3,9	4,1	5,2	4,8	4,6	3,9	3,0	4,2	5,3	5,6	5,7
Formación bruta de capital	5,2	5,3	5,8	-2,1	7,0	5,4	6,5	4,5	2,5	1,0	-3,6	-8,2
Exportacións de bens e servizos	3,3	6,8	6,0	-0,5	7,9	5,3	6,8	4,1	1,0	2,6	1,4	-6,9
Importacións de bens e servizos	4,3	6,3	6,5	-1,6	8,9	6,6	5,8	4,7	0,9	1,7	-0,9	-8,2

(1) Administracións Públicas e Institucións Sen Fins de Lucro ó Servizo dos Fogares.

Fonte: INE. Contabilidade trimestral.

A análise desagregada dos compoñentes do PIB (que centraremos especialmente nos resultados interanuais do cuarto trimestre do ano 2008) constata que:

■ A achega da *demanda interna* ao crecemento do PIB galego en 2008 foi negativa (-1'6%), con especial intensidade do baixón na formación bruta de capital, que pechou o ano cunha diminución do 8'2%, tralo continuo deterioro ao longo de cada trimestre de 2008 (no cuarto trimestre de 2007 crecera un 4'8%). Aínda así, o dato da formación bruta de capital de Galicia foi lixeiramente mellor que o do conxunto de España de 2008 (-9'4%).

■ O gasto en consumo final tivo tamén unha desaceleración, pero pechou o ano con signo positivo (1'6%), dato mellor que a media española (-0'1%). O crecemento do gasto en consumo final dos fogares (0'4%) foi moi inferior á suba do gasto en consumo final das Administracións públicas e as Institucións sen fins lucrativos (5'7%). Os datos de España foron respectivamente dunha diminución do 2'3% e unha suba do 6'2%.

■ A desaceleración non se produciu tan só nos compoñentes internos da demanda, senón que tamén foi ben perceptible na demanda externa. As exportacións de bens e servizos coa que pechou Galicia o ano 2008 (-6'9%) estiveron un punto por baixo do promedio estatal e tiveron unha forte caída ao longo do ano (partiron dunha suba do 4'1% no cuarto trimestre de 2007 e remataron na caída do 6'9%). Pola súa banda, as importacións do estranxeiro de Galicia baixaron moito (un 8'2%), anque cinco puntos menos que a diminución estatal e tiveron unha ininterrompida caída ao longo do ano (partiron dunha suba do 4'7% no último trimestre de 2007 e remataron na caída 8'2%).

1.2.1.2. A perspectiva da oferta.

A *perspectiva da oferta* da evolución por trimestres do PIB de Galicia e España figura no cadro 1.6. A análise das taxas de variación interanual reflicte no cuarto trimestre de 2008 que:

PIB Galicia. Compoñentes da oferta. 2007-2008

■ Cadro 1.6

	2007				2008			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Agricultura e pesca	0,7	2,7	3,0	2,6	1,9	-2,7	0,6	-3,9
Construción	4,1	4,2	4,6	4,5	3,4	1,2	-1,5	-3,9
Enerxía	2,2	0,4	2,7	0,9	-6,0	-1,3	1,0	-1,9
Industria	4,9	3,4	7,0	0,9	1,7	1,6	-1,6	-8,0
Servizos de mercado	4,2	4,2	4,3	4,3	4,1	3,8	3,2	2,8
Servizos non de mercado	2,2	5,9	3,8	4,6	5,8	5,3	4,4	5,1
PIB	4,2	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4	1,5	0,3

Taxas de variación interanual en %.
Fonte: IGE.

■ En Galicia tan só creceron en 2008 os dous subsectores dos servizos (especialmente os que non se dirixen ao mercado, que medraron un 5%), que conseguiron “salvar” do signo negativo o PIB de Galicia. A decisiva importancia do sector servizos na nosa estrutura produtiva (xera xa máis do 60% do valor engadido bruto da eco-

nomía galega) foi crucial en 2008 á hora de conseguir unha evolución positiva do noso PIB.

Os peores resultados en Galicia no cuarto trimestre de 2008 respecto ao mesmo período do ano anterior tiverón a industria (- 8%), seguida da construción e o sector agro-pesqueiro (3,9%). Debemos salientar que a diminución da xeración do PIB na construción en Galicia non foi tan intensa como no conxunto estatal (na que baixou un 8%) pero foron bastante maiores a da industria e a enerxía.

1.2.2. Crecemento económico galego e das outras comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia anteriormente, tamén é importante estudar a súa evolución nas diversas nacionalidades e rexións, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer económico autonómico. Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do Instituto estatístico oficial estatal (INE).


■ Cadro 1.7

**Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2006-2008. Por comunidades autónomas**

	2006	2007	2008
Andalucía	3,9	3,8	0,8
Aragón	4,0	4,5	1,1
Asturias	3,7	3,6	1,2
Baleares	3,5	3,8	1,8
Canarias	3,4	3,8	1,3
Cantabria	4,1	3,9	1,3
Castela A Mancha	3,9	4,2	0,7
Castela e León	3,6	3,7	0,9
Cataluña	3,8	3,7	0,7
C. Valenciana	4,0	3,7	0,5
Extremadura	3,5	3,9	1,8
Galicia	4,1	4,0	1,8
Madrid	3,9	3,9	1,6
Murcia	4,1	3,8	1,5
Navarra	3,9	3,8	1,9
País Vasco	4,1	3,9	2,1
A Ríoxa	3,4	4,0	1,5
Ceuta	3,3	3,9	1,8
Melilla	3,3	3,7	1,2
España	3,9	3,8	1,2

(1) En termos reais

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."



O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas ao traveso da *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado na UE. Os datos do ano 2008 reflicten que o PIB galego creceu un 1'8%; a clasificación por comunidades autónomas do cadro 1.7 sobrancea que:

■ Galicia medrou seis décimas máis que a media estatal; tan só dúas comunidades autónomas (País Vasco e Navarra) tiveron un maior crecemento económico en 2008 e tres territorios rexistraron unha suba do PIB igual que a de Galicia (Baleares, Estremadura e Ceuta).

■ O menor crecemento económico foi o da C. Valenciana (0'5%), seguida de Cataluña, Castela – A Mancha (ambas as dúas cunha suba do PIB do 0'7%) e Andalucía (cun 0'8%); foron as catro únicas comunidades autónomas nas que o aumento do PIB en 2008 non acadou ao da UE (0'9%).

O cadro 1.8 mostra o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, así como as medias estatal e da Unión Europea. Non debe esquecerse á hora de analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega (respecto do promedio español) é un factor que está influíndo a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*.

■ Cadro 1.8

Produto Interior Bruto per cápita ⁽¹⁾ . Por CC.AA. 2008

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
País Vasco	32.133	Castela e León	23.361
Madrid	31.110	Asturias	22.559
Navarra	30.614	Ceuta	22.320
Cataluña	28.095	Melilla	21.493
Aragón	26.323	C.Valenciana	21.468
Baleares	25.967	Canarias	21.105
A Rioxa	25.895	Galicia	20.619
Cantabria	24.508	Murcia	19.692
		Andalucía	18.507
		Cast.-A Mancha	18.471
		Extremadura	16.828
España	24.020		
UE 27	25.100		

(1) En euros por habitante.

Fonte: INE (EUROSTAT para o dato da UE-27).

Sobrancearemos que:

■ Segue a haber catro comunidades (Murcia, Andalucía, Castela - A Mancha, Extremadura) que teñen en 2008 un PIB *per capita* inferior ao galego.

■ As porcentaxes por riba da media estatal das tres comunidades autónomas que rexistran en 2008 un maior PIB *per capita* son de 33'8% (País Vasco), 27'7% (Madrid) e 27'3% (Navarra).

■ O PIB por habitante de Galicia en 2008 está un 14'2% por baixo do español e un 17'9% por baixo do da Unión Europea.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto (como o analizado no cadro 1.7) non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando esa diferenza. Vexamos os datos do crecemento medio estatal e das diversas comunidades autónomas de 2000 a 2008 que figuran no cadro 1.9; explicitan que, desde a perspectiva do INE:

Taxa de crecemento anual medio do PIB⁽¹⁾. Por CC.AA. 2000-2008.

■ Cadro 1.9

	Por riba da media estatal		Por baixo da media estatal
Murcia	3,61	Navarra	3,12
Estremadura	3,38	Galicia	3,06
Madrid	3,36	C.Valenciana	3,05
Andalucía	3,32	Ceuta	3,04
Cast.-A Mancha	3,21	País Vasco	3,03
Cantabria	3,21	A Rioxa	3,01
Melilla	3,19	Castela e León	2,94
Aragón	3,18	Cataluña	2,94
Canarias	3,14	Asturias	2,79
España	3,13	Illas Baleares	2,45

(1) En termos reais.

Fonte: INE, "Contabilidad Regional de España".

■ O crecemento medio anual do PIB galego foi do 3,06%, lixeiramente por baixo (só sete centésimas) do promedio estatal (3,13%).

■ Sete comunidades autónomas (C. Valenciana, País Vasco, A Rioxa, Castela – León, Cataluña, Asturias e Baleares) e unha cidade autónoma (Ceuta) tiveron, de 2000 a 2008, unha suba media anual do PIB inferior á de Galicia.

■ Catro das cinco comunidades autónomas cunha maior suba anual media do PIB de 2000 a 2008 (Murcia, Estremadura, Andalucía e Castela–A Mancha) son precisamente as que están por baixo de Galicia na clasificación por PIB por habitante (véxase o cadro 1.8). Isto pode reflectir, entre outras cousas, un mellor aproveitamento dos fondos recibidos da UE para potenciar o desenvolvemento económico das comunidades con menor PIB por habitante; en todo caso, constata inequivocamente que no período 2000-2008 esas comunidades avanzaron máis que Galicia (sobre todo Murcia) na xeración de PIB en relación coa media estatal, fose coa mellor utilización dos fondos procedentes da UE, do Estado ou dos propios de cada comunidade autónoma.

O maior dinamismo demográfico dalgunha delas (como Murcia ou Andalucía) conlevou que o seu PIB *per capita*, en cambio, non medrase na proporción da galega ou de outras comunidades demograficamente estancadas.

Produto Interior Bruto per cápita en PPA⁽¹⁾. 2008

■ Cadro 1.10

	Por riba da media europea		Por baixo da media europea
C. de Madrid	130	España	99
País Vasco	123	Illas Baleares	98
C. Foral Navarra	123	Canarias	95
Aragón	112	Melilla	93
Cataluña	109	Ppdo. Asturias	92
A Ríoxa	103	Galicia	90
Cantabria	102	Cast. A Mancha	88
Castela e León	101	C. Valenciana	88
Ceuta	101	Extremadura	84
		Murcia	82
		Andalucía	79

(1) En Paridade de Poder Adquisitivo. Índice UE-15= 100
 Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica"

Para avaliar a posición comparativa de Galicia, das outras comunidades e de España co promedio da Unión Europea en renda por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en 2008 cunha fonte alternativa á do cadro 1.8, presentamos no cadro 1.10 os datos da estimación realizada por FUNCAS. Reflicten que Galicia está un 10% por baixo do promedio da UE-15 (e que o conxunto de Estado). Por detrás de Galicia están cinco comunidades autónomas: Castela Mancha, C. Valenciana, Extremadura, Murcia e Andalucía.

Segundo esta fonte estatística, a evolución respecto da media de renda por habitante (en PPA) da UE-15 no período 2000-2008 foi máis positiva en Galicia que no promedio estatal, xa que a nosa comunidade avanzou do 75'7% (ano 2000) ao 90'1% (en 2008), mentres que España pasou dun 92'4% a un 99%.

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego. Produtividade do traballo

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar; e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos primeiro á medida en que o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e despois ao estudo da produtividade do traballo.

1.3.1. A xeración de emprego en Galicia

Abordaremos este estudo desde a perspectiva das "Contas Económicas", polo que nos referiremos aos *postos de traballo equivalentes a tempo completo*; outra perspectiva sería a da EPA, que é a que empregaremos no capítulo 4 para achegarnos á poboación ocupada, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados/as en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

O cadro 1.11 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia (en postos de traballo equivalentes a tempo completo) no último bienio. En 2008 salientaremos que:

■ A xeración neta de emprego en Galicia foi de 7.627 (fronte aos 31.564 do ano anterior), o que supón só un 24'2% da de 2007.

■ Sectorialmente, os servizos tiveron a única suba, mentres que o sector agro-pesqueiro presentou a maior diminución de persoas ocupadas coa construción.

■ Os servizos son, nidiamente, a columna vertebral do emprego galego, cun 65,5% da ocupación total (1'4 puntos máis que en 2007); o seu comportamento é, xa que logo, crucial para o noso desenvolvemento económico.

Evolución do emprego⁽¹⁾. Galicia 2007-2008

■ Cadro 1.11

	2007	2008
Agricultura e pesca	113.472	109.288
Enerxía	10.601	10.336
Industria	172.044	169.982
Construción	158.540	149.836
Servizos	811.143	833.985
Total	1.265.800	1.273.427

(1) En postos de traballo equivalentes (PTE)

Fonte: IGE. Contas Económicas.

Para facilitar o labor das persoas que desexen afondar neste estudo cunha maior desagregación temporal, presentamos no cadro 1.12 as taxas de variación interanual do emprego de Galicia nas diversas ramas (e no conxunto da economía galega) nos oito últimos trimestres, así como as medias dos anos 2007 e 2008.

■ Cadro 1.12

Variación do emprego⁽¹⁾. Por ramas productivas. Galicia. 2007 - 2008.

			2007				2008			
	2007	2008	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-3,0	-3,8	-3,4	-0,4	-3,8	-4,5	-3,2	-6,7	-2,9	-2,4
Ramas enerxéticas	-6,1	-2,2	-4,1	-6,2	-7,3	-7,0	-3,3	-1,7	-1,5	-2,2
Ramas industriais	2,8	-0,9	2,3	2,3	3,2	3,5	1,4	0,3	-1,4	-3,8
Construción	3,8	-5,6	4,7	4,8	3,3	2,4	-0,9	-3,5	-7,0	-11,1
Ramas dos servizos	3,6	2,5	4,8	4,0	3,2	2,3	2,9	3,4	2,7	1,1
- Servizos de mercado	3,8	2,8	5,1	3,8	3,1	3,2	3,0	3,6	3,2	1,3
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	4,1	4,3	3,5	0,5	2,9	2,9	1,6	0,8
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,8	0,4	3,5	3,3	2,5	1,8	1,6	1,1	0,3	-1,5

(1) Variación interanual en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Datos en porcentaxe

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Xa como remate deste epígrafe, a xeito de resumo presentamos no cadro 1.13 o balance do mercado do traballo galego do último quinquenio (con desagregación por trimestres para o último bienio), que lles permite ás persoas interesadas realizar unha análise máis a fondo (que nós faremos ao longo do capítulo 4).

Cadro 1.13

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2004 - 2008

Período	Poboación > 16 anos	Poboación activa ⁽³⁾	Ocupados	Asalariados	Parados	Taxa de actividade ⁽¹⁾	Taxa de ocupación ⁽¹⁾	Taxa de paro ⁽¹⁾	PTEATC ⁽²⁾
2004	35.811	20.184	17.971	14.721	2.214	56,4	50,2	11,0	17.405
2005	36.416	20.886	18.973	15.502	1.913	57,4	52,1	9,2	17.970
2006	37.008	21.585	19.748	16.208	1.837	58,3	53,4	8,5	18.542
2007	37.663	22.190	20.356	16.780	1.834	58,9	54,0	8,3	19.072
2008	38.208	22.848	20.258	16.681	2.591	59,8	53,0	11,3	18.960
2007 I	37.429	21.925	20.069	16.515	1.856	58,6	53,6	8,5	18.880
II	37.592	22.127	20.367	16.779	1.760	58,9	54,2	8,0	19.078
III	37.734	22.303	20.511	16.870	1.792	59,1	54,4	8,0	19.157
IV	37.897	22.405	20.477	16.877	1.928	59,1	54,0	8,6	19.172
2008 I	38.043	22.577	20.402	16.817	2.174	59,3	53,6	9,6	19.192
II	38.162	22.807	20.425	16.853	2.382	59,8	53,5	10,4	19.095
III	38.271	22.945	20.346	16.746	2.599	60,0	53,2	11,3	18.982
IV	38.357	23.065	19.857	16.308	3.208	60,1	51,8	13,9	18.571

(1) Variación interanual

(2) Poboación ocupada, medida en postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. "Observatorio da Economía Galega"

1.3.2. Produtividade do traballo

A *produtividade* é o cociente entre a produción e os recursos utilizados para obtela; xa que logo, mide a produción xerada por cada unidade de factor produtivo. A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: "A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo".

Na nosa análise, o factor produtivo focalizado vai ser o traballo; referirémonos, pois, á *produtividade do traballo*, entendida coma o cociente entre a produción e o emprego de recursos humanos que a fixeron posible.

Obviamente, a mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; a maior formación bruta de capital, o investimento en capital humano, en I+D+i e a aplicación de boas técnicas de organización empresarial, son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas de maior produtividade.

Noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* analizamos o investimento na formación bruta de capital (capítulo 1), en I+D+i (capítulo 2), en formación das persoas (capítulo 10) e outros condicionantes da produtividade do traballo, como por exemplo a alta porcentaxe da contratación temporal no mercado de traballo, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode acadar cando alguén se especializa nun traballo, e ademais non motiva dabondo na consecución dos obxectivos empresariais ás persoas que traballan sometidas a unha rotación laboral excesiva.

Sabedores de que a análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, recolleemos aquí tan só un achegamento ao tema, cos datos de FUNCAS para as distintas comunidades autónomas.

O cadro 1.14 reflicte que Galicia quedou por baixo do crecemento da produtividade en 2008 en España (0,24 puntos porcentuais). Cun crecemento da poboación ocupada (0'56%) superior ao promedio estatal (0'48%) Galicia conseguiu unha suba do PIB (1'21%), maior que a media española (1'15%), segundo os datos de FUNCAS.

**Porcentaxe de variación da produtividade.
Por CC.AA. 2008**

■ Cadro 1.14

Andalucía	1,70
Aragón	1,31
Asturias	1,02
Baleares	1,64
Canarias	2,69
Cantabria	1,50
Castela A Mancha	1,17
Castela-León	1,52
Cataluña	1,36
C. Valenciana	2,95
Extremadura	1,96
Galicia	1,51
Madrid	1,43
Murcia	2,69
Navarra	1,92
País Vasco	2,10
A Ríoxa	1,42
España	1,75

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica".

A maior subida da produtividade deuse en 2008 na C.Valenciana, Canarias e Murcia, mentres que no caso contrario sobresaen Asturias, Castela - A Mancha e Aragón.

Os estudos comparativos a nivel internacional reflicten que a produtividade *por persoa* empregada en España diminuíu en termos relativos na última década, entre outros factores polo forte aumento nese período do emprego da poboación inmigrante -que traballa maioritariamente como man de obra non cualificada- e pola suba da contratación a tempo parcial. A produtividade *por hora* traballada no promedio español en relación co promedio da UE acadou o máximo en 1995 (cun 92,4%) caendo gradualmente con posterioridade até un 87%.

1.4 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tanto a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia como tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; este último é o enfoque predominante na literatura económica (e será o que usaremos tamén nós aquí, agás no epígrafe 1.4.2) entre outras razóns pola maior facilidade de conseguir os datos.

■ Cadro 1.15

Comercio exterior de Galicia. 2005 - 2008

Ano	En millóns de euros ⁽¹⁾			Cobertura (%)	% Variación	
	Export.	Import.	Saldo		Export.	Import.
2005	12.167,5	13.767,5	-1.600,0	88,4	15,4	18,6
2006	14.220,3	14.968,6	-748,3	95,0	16,9	8,7
2007	15.053,1	15.423,2	-370,1	97,6	5,9	3,0
2008	13.872,2	13.945,6	-73,4	99,5	-7,8	-9,6

(1) En euros constantes. Base 2005. Os datos de 2008 son provisionais

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Observatorio da Economía Galega.

1.4.1. Comercio galego co estranxeiro.

1.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial. Taxa de cobertura.

A análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española no último cuadrenio podemos facelo ao fío do cadro 1.15; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, das importacións, do saldo comercial (diferenza entre o valor das exportacións e o das importacións) e da taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Constátase que:

■ Cadro 1.16

Comercio exterior de Galicia en 2008. Por trimestres

Trimestre	En millóns de euros ⁽¹⁾			Cobertura (%)
	Export.	Import.	Saldo	
I	3.445,4	3.496,5	-51,1	98,5
II	3.593,1	3.557,5	35,6	101,0
III	3.769,1	3.664,7	104,3	102,8
IV	3.064,6	3.226,9	-162,3	95,0

(1) En euros constantes. Base 2005. Datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Observatorio da Economía Galega.

■ O crecemento das exportacións galegas foi continuo ata o ano 2007, aunque xa nese ano a porcentaxe de suba (5'9%) non chegou á metade do bienio anterior. A evolución desagregada por trimestres en 2008 (recollida no cadro I.16) reflicte que se produciu un baixón grande no último.

■ A suba das importacións galegas foi continua ata o ano 2007, no que marcou o máximo; nese ano, a porcentaxe de suba (3%) non chegou á terceira parte de 2006 nin á sexta parte da porcentaxe de suba de 2005. A evolución desagregada por trimestres en 2008 (recollida no cadro I.16) reflicte que se produciu unha forte diminución no cuarto.

■ O saldo da balanza comercial foi negativo (tivo déficit) nos catro anos analizados, con especial intensidade en 2005 e cun mínimo en 2008, no que estivo a piques de lograrse o equilibrio comercial de Galicia co estranxeiro.

■ A taxa de cobertura tivo un bo comportamento no período 2005-2008, no que avanzou ano tras ano (con especial intensidade en 2006) ata quedar en 2008 no 99'5%.

A desagregación por trimestres para o ano 2008 que figura no cadro I.16 permite ás persoas interesadas afondar na análise. Xa nos parágrafos anteriores nos referimos á evolución trimestral das exportacións e das importacións; sinalaremos agora tan só que nos trimestres segundo e terceiro houbo superávit comercial (ou, o que é o mesmo, a taxa de cobertura rebordou o limiar do valor 100), pero no cuarto volveuse ao déficit.

■ Na desagregación territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser, un ano máis, o auténtico motor de explotación das exportacións galegas; o valor das súas vendas ao estranxeiro dobra á suma das outras tres provincias, e segue a ser unha das provincias con maior superávit comercial en toda España.

1.4.1.2. Distribución por produtos do comercio exterior galego.

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese cun dato: os sete primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están todos entre os oito primeiros apartados das nosas importacións.

■ Cadro 1.17

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2008

	Exportacións	Miles de euros	% (1)	TVI % (2)
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	5.814.999	37,2	-12,3
2	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.334.919	8,5	2,7
3	Prendas e complementos de vestir de punto	881.208	5,6	9,4
4	Peixes, crustáceos e moluscos	877.525	5,6	-8,1
5	Máquinas e material eléctrico	695.117	4,5	-3,4
	Total exportación galega	15.613.998	100,0	-6,3

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

Na análise das principais mercancías exportadas por Galicia en 2008 sobrancearemos, ao fío do cadro I.17:

■ A notable estabilidade: dos cinco capítulos do arancel con maior valor das exportacións, catro son os mesmos que no ano anterior, anque con algún cambio na orde.

■ As exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro epígrafe e, pese á diminución de 2008, representan un 37'2% do valor total das exportación galegas. Máis do 70% destas vendas ao estranxeiro corresponden a automóbiles e o resto a compoñentes para automóbiles.

■ A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase especialmente en tres apartados: transporte, téxtil e de peixes, crustáceos e moluscos, pero cómpre salientar que en 2008 entrou entre os cinco primeiros postos o epígrafe: Máquinas e material eléctrico.

■ As vendas galegas ao estranxeiro presentan un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que máis da metade das exportacións (un 51'3%, 3'2 puntos menos que en 2007) aglutínanse nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro I.17; isto conleva un risco: unha maior vulnerabilidade que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas.

■ O crecemento do último ano produciuse nos dous epígrafes de Prendas e complementos de vestir mentres que baixou o valor das exportacións nos outros tres apartados recollidos no cadro I.17 con especial intensidade no de vehículos.

■ Cadro 1.18

Principais capítulos de importación. Galicia. 2008

	Importacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	3.289.324	21,3	20,0
2	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.588.114	16,7	-28,4
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.302.955	8,4	-14,9
4	Fundición, ferro e aceiro	1.233.937	8,0	5,0
5	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	850.400	5,5	-7,7
	Total	15.461.937	100,0	-4,3

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

Na análise das principais mercancías importadas por Galicia en 2008 subliñaremos, ao fío do cadro I.18:

■ A estabilidade: os catro primeiros capítulos do arancel con maior valor son os mesmos que no ano anterior; intercambiándose a posición os epígrafes primeiro e segundo.

■ As importacións galegas do sector automobilístico xa non encabezan (a diferenza de anos anteriores) esta clasificación; a maior parte corresponden a compoñentes para automóbiles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën; velaí un bo exemplo de comercio intrafirma.

■ Polo aumento do último ano sobrancea o apartado de combustíbeis e aceites minerais; pola contra, diminuíron con forza os epígrafes de vehículos (-28'4%) e de peixes, crustáceos e moluscos (-14'9%).

■ Nas nosas compras no estranxeiro hai un grao de concentración sectorial elevado, aunque menor que nas exportacións, xa que en 2008 un 46,4% do valor total das importacións galegas (medio punto menos que en 2007) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios recollidos no cadro 1.18.

1.4.1.3 Distribución xeográfica do comercio exterior galego.

Principais destinos das exportacións galegas. 2008

■ Cadro 1.19

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	5.483.700	35,1	-9,5
2 Portugal	2.439.164	15,6	2,5
3 Italia	933.424	6,0	3,1
4 EE.UU.	648.249	4,2	-7,0
5 Reino Unido	523.884	3,4	-11,5
Total	15.613.998	100,0	-6,3

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Porcentaxe de variación interanual.

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

A distribución por Estados das exportacións galegas que presentamos no cadro 1.19 constata que:

■ Os cinco primeiros clientes de Galicia son en 2008 os mesmos (e na mesma orde) que no ano anterior: Francia, Portugal, Italia, EE.UU. e Gran Bretaña.

■ Francia e Portugal concentraron máis da metade (50,7%) das vendas de Galicia ao estranxeiro, aunque 1'4 puntos por baixo de 2007 (52'1%).

■ A suba do valor das nosas exportacións produciuse só con Italia e Portugal (e nunha porcentaxe pequena: ao redor dun 3%) mentres que baixaron (e con maior intensidade) as vendas galegas a Gran Bretaña, Francia e Estados Unidos.

Principais provedores de Galicia. 2008

■ Cadro 1.20

	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	2.787.690	18,0	-15,7
2 Portugal	2.106.811	13,6	-0,7
3 México	777.802	5,0	0,3
4 Reino Unido	724.001	4,7	5,6
5 Alemaña	694.087	4,5	-28,5
Total	15.461.937	100,0	-4,3

(1) Porcentaxe sobre o total de importacións

(2) Porcentaxe de variación interanual

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

Nos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro I.20, que no ano 2008:

■ A comparanza cos cinco estados que encabezaban esta clasificación en 2007 explicita que só repiten tres: os dous primeiros (que son os mesmos e pola mesma orde) e Alemaña (que pasa do terceiro ao quinto posto).

■ Catro dos cinco estados aos que máis lles mercamos (todos menos México) son membros da Unión Europea.

■ Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar máis da metade do valor total das nosas importacións senón algo menos da terceira parte (un 31,6%), nove décimas menos que en 2007.

■ En 2008 o valor das importacións aumentou nas procedentes de Gran Bretaña (5´6%) e México (tan só un 0´3%) mentres que baixou con especial intensidade nas que viñeron de Alemaña e Francia.

1.4.2 Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas.

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo, cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a estas transaccións como *comercio exterior total*. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou, indirectamente, pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar todas as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou só das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación no valor dos indicadores cos que se avalían estas relacións comerciais (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o lixeiro déficit que ten Galicia nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos o *comercio exterior total* de Galicia.

■ Cadro 1.21

Saldo exterior. Por CC.AA. 2008

	Con saldo exterior positivo			Con saldo exterior negativo	
	Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm		Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm
Madrid	9.385	4,00	Andalucía	-27.536,0	-17,91
Cataluña	7.950	3,98	Castela e León	-13.083,0	-21,02
País Vasco	2.311	2,97	Galicia	-12.655,0	-20,96
C.Valenciana	1.483	1,02	Castela A Mancha	-9.853,0	-26,23
Baleares	1.340	5,01	Canarias	-6.230,0	-13,87
Navarra	1.210	5,98	Extremadura	-6.027,0	-30,15
A Rioxa	16	0,04	Asturias	-4.920,0	-19,88
			Aragón	-2.925,0	-7,93
			Murcia	-2.361,0	-7,82
			Cantabria	-1.065,0	-6,81

(1) En millóns de euros

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica" nº 196. xaneiro/febreiro 2007

No cadro 1.21 podemos comprobar o saldo exterior *total* (sumado, pois, tanto as transaccións internacionais como coas comunidades autónomas); compróbase nel que:

■ Sete comunidades rexistraron en 2008 un saldo positivo; por orde de maior a menor saldo exterior en termos absolutos foron: Madrid, Cataluña, País Vasco, C.Valenciana, Navarra, Baleares e A Rioxa; son as mesmas que no ano anterior e pola mesma orde .

■ Entre as dez comunidades que presentan un saldo negativo (máis as dúas cidades autónomas), Galicia é a terceira en valor absoluto (cedéndolle a Castela-León a segunda posición, que ocupaba o ano anterior).

■ Na clasificación por maior porcentaxe de déficit do saldo exterior total sobre o seu PIB, Galicia está (cun 21%, o que supón 3'7 puntos menos que no ano anterior) na cuarta posición entre as dez comunidades autónomas deficitarias (non incluímos neste cómputo as cidades autónomas, pola súa especificidade comercial), por detrás só de Estremadura, Castela-A Mancha e Castela-León.

■ Anque o porcentaxe do saldo deficitario de Galicia en 2008 é moito maior que catro anos antes (8,5 puntos porcentuais, o que en termos relativos supón un 68% de aumento), o notable deterioro do noso comercio exterior total no trienio 2004-2007 cortouse en 2008.

■ A falla de competitividade que reflicte o noso déficit no comercio exterior total (un euro por cada cinco de PIB) esixe un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega (cun esforzo que enfatice o investimento en educación, en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e outros aspectos xa tratados no epígrafe 1.3.2. deste Informe Sociolaboral).

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro 1.8 podemos comprobar que hai unha clara relación directa entre o saldo exterior *total* dunha comunidade (ou cidade) autónoma e a súa riqueza relativa (medida co PIB por habitante); na análise conxunta dos dous cadros sobrancea que:

■ As sete comunidades cun maior índice de riqueza relativa (medida polo PIB per capita) son en 2008, por orde de maior a menor: País Vasco, Madrid, Navarra, Cataluña, Aragón, Baleares e A Rioxa; seis delas (todas agás Aragón, que cede o seu posto á C.Valenciana) figuran entre as sete comunidades cun saldo exterior total positivo en 2008.

■ Por outra parte, as comunidades (e cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa coinciden case totalmente coas de maior porcentaxe de déficit en relación ao seu PIB no comercio exterior total. Estremadura, Castela - A Mancha, Galicia, Castela – León, Asturias, Andalucía e Canarias (ademais das dúas cidades autónomas) exemplifican ben este vencello.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de negociar o financiamento das comunidades autónomas, pois as “*balanzas fiscais*” deficitarias (tan salientadas polos responsables dalgunha comunidade moito máis desenvolvida que Galicia) son unha contrapartida solidaria que adoita existir nos *Estados do benestar* (e mesmo en áreas supranacionais coma a UE, vía Fondos Estruturais e de Cohesión) para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas, que axudan a financiar (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5. Evolución dos prezos e dos salarios

Comezaremos este epígrafe co estudo da variación dos prezos en Galicia, España e a UE, e centrarémonos na segunda parte deste epígrafe na evolución dos custos laborais (salariais e doutro tipo) nas diversas comunidades autónomas.

1.5.1. A inflación


O cadro 1.22 explicita que a taxa de inflación de 2008 en Galicia (1'2%) foi a menor dos anos transcorridos do século XXI, non chegou á terceira parte da de 2007 (4'1%) e foi dúas décimas inferior á estatal de 2008. As subas dos prezos en Galicia e España no último ano estiveron (contra o que adoita ocorrer) por baixo da suba media na UEM (1'6%).

■ Cadro 1.22

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2008

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1	1,2
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7	4,2	1,4

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC



A desagregación por provincias recollida no cadro 1.23 amosa que Pontevedra (a que rexistrou unha maior suba dos prezos en 2007) tivo o menor aumento do IPC en 2008, ano no que ningunha provincia galega subiu do 1'5% de inflación.

■ Cadro 1.23

Porcentaxe de variación do IPC. Por provincias. 2007-2008

	2007	2008
A Coruña	4,0	1,5
Lugo	4,0	1,1
Ourense	4,0	1,2
Pontevedra	4,2	0,9

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC

■ Cadro 1.24

IPC (*) . OCDE.2005-2008

	2005	2006	2007	2008
OCDE	100,0	102,6	105,2	109,1
OCDE Europa	100,0	102,6	105,3	109,4
UE ⁽¹⁾	100,0	102,3	104,7	108,6
UME	100,0	102,2	104,4	107,8
España	100,0	103,6	106,5	110,9
Alemaña	100,0	101,8	104,1	107,0
Francia	100,0	101,9	103,6	106,8
Italia	100,0	102,2	104,3	107,9
Reino Unido	100,0	102,3	104,7	108,5

(*) Base 2005

(1) Países da UE: Índices de prezos de consumo harmonizado.

Fonte: OCDE. Main Economic Indicators

Os datos que figuran no cadro 1.24 serven para a comparanza da inflación acumulada no último cuadrienio en España e o contorno internacional; sobrancearemos que a suba de prezos en España nese período foi do 10,9%, por riba da suba na OCDE (9,1%), na UE (8'6%) e na UEM (7'8%). Entre as seis principais potencias económicas da UE-27, España rexistrou a maior inflación acumulada no período analizado, mentres que no outro extremo sitúase Francia (6'8%).

■ Cadro 1.25

IPC por grupos especiais. Galicia e España. 2005-2008

	2005	2006	2007	2008
IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos				
Galicia	2,7	2,3	3,3	2,4
España	2,9	2,5	3,3	2,4
IPC carburantes e combustibles				
Galicia	13,9	1,3	14,9	(19,7)
España	13,0	1,7	14,4	(18,4)

(1) Taxas de variación interanuais en %

Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente (que é a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en 2008 tanto en Galicia como en España no 2'4% (nove décimas menos nos dous casos que o ano anterior), 1,2 puntos por riba en Galicia (e un punto no total español) da suba do IPC, como se ve no cadro 1.25, no que se comproba tamén como diminuíu case un 20% (despois da suba do 15% de 2007) a suba no epígrafe de *carburantes e combustibles*.

A información do cadro 1.26 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no último trienio en Galicia e España; obsérvase nel que:

IPC por grupos de gasto. Galicia e España. 2006-2008

■ Cadro 1.26

	2006	2007	2008
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas			
Galicia	3,1	5,8	2,4
España	3,2	6,6	2,4
2. Bebidas alcohólicas e tabaco			
Galicia	1,5	6,4	3,8
España	1,4	6,1	3,9
3. Vestido e calzado			
Galicia	1,0	1,4	0,6
España	1,3	1,2	0,5
4. Vivenda			
Galicia	4,7	5,5	4,9
España	4,9	4,8	5,9
5. Enxoval			
Galicia	3,1	2,4	3,1
España	2,6	2,5	2,6
6. Medicina			
Galicia	1,9	-2,1	0,1
España	1,7	-2,1	0,3
7. Transporte			
Galicia	1,7	7,1	-5,6
España	1,8	7,1	-5,6
8. Comunicacóns			
Galicia	-1,7	0,8	-0,3
España	-1,5	0,8	-0,3
9. Ocio e cultura			
Galicia	0,1	-0,9	-0,4
España	-0,6	-0,8	0,3
10. Ensino			
Galicia	4,2	3,8	4,5
España	4,4	4,1	4,0
11. Hoteis, cafés e restaurantes			
Galicia	4,7	5,0	4,7
España	4,4	4,9	4,0
12. Outros			
Galicia	3,1	2,5	3,4
España	3,9	3,0	3,5

Taxas de variación interanuais en %
 Fonte: INE.

■ O comportamento dos prezos foi descendente en tres dos doce epígrafes en Galicia (e en dous no total español), os grupos máis inflacionistas (todos eles cando menos cun 4%) foron en Galicia, por esta orde, *vivenda, ensino, cafés- restaurantes*. En España tamén foron estes tres grupos os de maiores subas de prezos.

1.5.2. Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística do INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas principais aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e ademais outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

Custo laboral. Por comunidades autónomas. 2008 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.27

	Custo laboral por traballador/a e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	2.534,86	144,2	5,4	18,60	148,1	3,3
Andalucía	2.291,65	142,8	6,4	16,94	149,1	4,4
Aragón	2.502,53	144,6	2,9	18,62	147,4	2,8
Asturias	2.500,51	142,4	6,1	18,89	146,0	5,2
Baleares	2.507,24	160,0	5,7	19,22	177,6	6,1
Canarias	2.114,79	140,6	6,1	15,01	142,4	2,8
Cantabria	2.379,57	143,7	5,7	17,91	151,3	5,6
Castela e León	2.364,76	142,1	5,4	18,06	151,0	5,5
Castela A Mancha	2.252,42	147,8	4,8	16,09	151,9	2,5
Cataluña	2.718,20	147,5	4,1	20,01	149,6	0,8
Com. Valenciana	2.287,68	144,2	6,0	16,78	148,6	4,2
Extremadura	2.108,81	146,0	7,0	15,40	149,8	6,7
Galicia	2.204,34	143,7	4,5	16,33	152,0	4,5
Madrid	2.933,05	140,9	5,5	20,79	142,3	2,4
Murcia	2.218,20	152,7	6,8	16,53	156,8	4,8
Navarra	2.738,30	141,5	3,7	20,98	147,6	2,7
País Vasco	2.963,01	144,1	5,4	22,40	145,6	3,6
A Ríoxa	2.359,01	142,0	5,4	17,45	147,6	3,4

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentual sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro 1.27 recolle o custo laboral (por traballador/a e mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do Estado) en 2008. Compróbase que:

■ En Galicia o *custo laboral por traballador/a e mes* é o terceiro comezando por abaixo (tras Estremadura e Canarias), tras superarnos Murcia no último ano. O dato de Galicia supón un 87% do estatal; subiu en 2008 en sete décimas a diferenza co promedio español.

■ O estudo desagregado por comunidades autónomas reflicte que o custo laboral de Madrid ou o País Vasco superou en 2008 en 400 euros á media estatal, mentres que en Estremadura ou Canarias foi 400 euros inferior que a media (e en Galicia máis de 300 euros inferior).

■ Tanto en Galicia como no promedio español subiu máis en 2008 o custo laboral por persoa asalariada (4'5% en Galicia e 5'4% de media estatal) que a inflación.

■ O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi inferior en medio punto á media española.

■ O *custo laboral por hora efectiva* de traballo sitúa en 2008 a Galicia na cuarta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Estremadura e Castela - A Mancha); en 2007 era a quinta, pero rebasounos Murcia en 2008.

Subiu no último ano 1'2 puntos máis en Galicia que en España (nos dous casos por riba da inflación); o índice constata que no período 2000-2008 este custo subiu 3,9 puntos máis en Galicia que no promedio estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 87,8%).

Custo salarial. Por comunidades autónomas. 2008 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.28

	Custo salarial por traballador/a e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	1.897,24	143,0	4,9	13,92	147,0	2,8
Andalucía	1.685,69	139,5	5,7	12,46	145,7	3,8
Aragón	1.882,09	145,5	2,5	14,00	148,3	2,3
Asturias	1.871,37	143,6	5,5	14,14	147,3	4,7
Baleares	1.865,81	158,4	3,5	14,30	175,9	3,9
Canarias	1.557,66	137,5	5,9	11,05	139,2	2,6
Cantabria	1.724,62	140,0	3,5	12,98	147,3	3,4
Castela e León	1.776,41	143,7	5,4	13,56	152,5	5,4
Castela A Mancha	1.671,80	146,7	4,8	11,94	150,8	2,5
Cataluña	2.049,21	146,7	3,8	15,08	148,7	0,5
Com. Valenciana	1.685,45	142,8	5,5	12,35	147,0	3,6
Estremadura	1.555,78	143,6	6,1	11,36	147,2	5,8
Galicia	1.646,68	143,1	4,5	12,20	151,4	4,5
Madrid	2.223,28	139,4	5,0	15,76	140,7	1,9
Murcia	1.634,18	151,8	5,1	12,18	156,0	3,2
Navarra	2.085,92	143,8	3,8	15,99	150,1	2,8
País Vasco	2.247,28	145,1	5,4	16,99	146,6	3,5
A Rioxa	1.761,03	142,0	4,6	13,02	147,5	2,5

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentaxe sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro 1.28 recolle o custo salarial (por traballador/a e mes e máis por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do Estado) no ano 2008. Compróbase que:

■ En Galicia o *custo salarial por traballador/a e mes* segue a ser o cuarto comezando por abaixo (tras Estremadura, Canarias e Murcia), cun 86'8% do estatal. Tanto en Galicia como no promedio estatal subiu máis en 2008 que a inflación.

■ O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi semellante á media española (superouna tan só nunha décima)

■ O *custo salarial por hora efectiva* de traballo situaba en 2007 a Galicia na terceira posición comezando por abaixo (tras Estremadura e Canarias); en 2008 pasou a ser a quinta comunidade comezando por abaixo, tras superar a Murcia e Castela – A Mancha.

Subiu no último ano 1'7 puntos máis en Galicia que en España (e por riba da inflación nos dous casos); o índice constata que no período 2000-2008 este custo subiu 4'4 puntos máis en Galicia que no promedio estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 87'6%).

Outros custos. Por comunidades autónomas. 2008 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.29

	Outros custos por traballador/a e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	637,62	147,7	6,7	4,68	151,5	4,7
Andalucía	605,96	153,1	8,2	4,48	159,4	6,2
Aragón	620,44	142,1	4,0	4,62	144,8	4,1
Asturias	629,14	139,1	7,8	4,75	142,2	7,0
Baleares	641,43	165,0	12,5	4,92	182,9	13,1
Canarias	557,13	150,0	6,6	3,96	152,3	3,4
Cantabria	654,95	154,4	11,9	4,93	162,7	11,8
Castela e León	588,35	137,5	5,2	4,50	146,6	5,6
Castela A Mancha	580,62	150,8	4,8	4,15	155,4	2,5
Cataluña	668,99	150,2	4,9	4,93	152,2	1,6
Com. Valenciana	603,23	148,5	7,4	4,43	153,3	5,7
Estremadura	553,03	153,5	9,7	4,04	157,8	9,5
Galicia	557,66	145,6	4,6	4,13	154,1	4,6
Madrid	709,77	146,0	7,0	5,03	147,5	3,9
Murcia	584,02	155,4	11,8	4,35	159,3	9,6
Navarra	652,38	134,7	3,5	4,99	140,2	2,3
País Vasco	715,73	141,2	5,7	5,41	142,7	3,8
A Ríoxa	597,98	142,1	8,1	4,43	148,2	6,2

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentaxe sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro 1.29 reflicte *outros custos laborais* diferentes dos salariais. Entran aquí as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e máis as percepcións non salariais (indemnizacións por despedimento, pagamentos por desemprego ou por incapacidade temporal, gastos de locomoción e axudas de custo de viaxe, plus de distancia ou de transporte, indemnizacións por traslados ou por finalización de contrato, etc.). Sobrancearemos que:

■ *Por persoa traballadora e mes*, os *outros custos por traballador/a e mes* sitúan a Galicia na terceira comezando por abaixo (tras Extremadura e Canarias), cun 89'2% do promedio estatal. En Galicia subiu menos en 2008 que na media estatal (e nos dous casos por riba da inflación). O índice que presenta a variación acumulada nos anos transcorridos do século XXI reflicte que a suba galega foi inferior en 2'1 puntos á media española.

■ *Por hora efectiva de traballo*, en 2008 Galicia é tamén a terceira comunidade comezando por abaixo, tras Extremadura e Canarias tan só. Subiu no último ano practicamente o mesmo en Galicia que en España (nos dous casos por riba da inflación); o índice constata que no período 2000-2008 este custo subiu 2'6 puntos máis en Galicia que no promedio estatal. O custo laboral por hora efectiva en Galicia segue moi por baixo do estatal (é un 88,2%).

**Xornada laboral⁽¹⁾.
Por comunidades autónomas. 2008**

■ Cadro 1.30

	Horas por traballador/a e mes		
	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas traballadas
España	155,8	136,3	20,2
Andalucía	154,9	135,3	20,3
Aragón	156,1	134,4	22,5
Asturias	154,2	132,4	22,5
Baleares	154,6	130,5	24,8
Canarias	160,2	140,9	19,6
Cantabria	155,7	132,9	23,7
Castela e León	152,2	131,0	21,6
Castela A Mancha	157,1	140,0	17,7
Cataluña	155,4	135,9	20,5
Com. Valenciana	157,4	136,4	21,5
Extremadura	157,1	137,0	20,4
Galicia	155,2	135,0	20,9
Madrid	157,8	141,1	17,7
Murcia	153,4	130,5	19,8
Navarra	152,3	132,3	22,7
País Vasco	151,8	135,2	20,0
A Ríoxa	153,3	134,0	19,0

(1) Base ano 2000

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro I.30 reflicte que as horas pactadas de traballo foron en 2008 lixeiramente inferiores en Galicia que no promedio estatal (0'6 horas mensuais de diferenza) e a xornada laboral efectiva foi inferior en 1'3 horas mensuais en Galicia. As horas non traballadas superaron en Galicia en sete décimas a media española.